



## PROCESO SELECTIVO DE AXUDANTES DE OFICIOS (QUENDA LIBRE) CORRESPONDENTE A OFERTA PUBLICA DE EMPREGO 2017-2018-201

### ANUNCIO SOBRE RESOLUCIÓN DE RECLAMACIÓN PRIMEIRO EXERCICIO TIPO TEST (REALIZADO O 03/10/2023), NOVAS PUNTUACIÓN E CONVOCATORIA PARA REALIZACIÓN DO 2º EXERCICIO

#### RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓN AO PRIMEIRO EXERCICIO TIPO TEST (REALIZADO O 03/10/2023)

O órgano de selección, nas sesións celebradas os días 11 e 23 de outubro de 2023, acordou:

#### ANÁLISE E RESOLUCIÓN DAS RECLAMACIÓN FORMULADAS:

**I.- Documentos 230309118 (DNI \*\*\*3118\*\*), 230319333 (DNI \*\*\*4786\*\*) e 230323706 (DNI \*\*\*2974\*\*): Pregunta 3. Foi formulada nos seguintes termos:**

*3.- Cal das seguintes é unha sanción para aplicar no caso de que un/unha empregado/a público/a cometa unha falta moi grave?*

- a) Revogación do nomeamento do persoal laboral.*
- b) Apercibimento escrito.*
- c) Suspensión de emprego e soldo por un período inferior a quince días.*
- d) Traslado forzoso sen cambio de localidade por un período de seis meses.*

A primeira e a terceira persoa recorrente (230309118 e 230323706) solicitan a anulación desta pregunta fundamentada no artigo 96 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que sinala como unha das sancións dos empregados/as públicos en caso de falta moi grave para o persoal laboral o "Despido disciplinario" mentres que a "Revogación do nomeamento", tal é como figura na resposta a) dada por correcta para esta pregunta, é a sanción a aplicara aos funcionarios interinos. Ademais, o terceiro recorrente indica a posibilidade de cambiar a resposta que aparece como correcta na plantilla, a a), pola resposta d), considerando o tribunal que isto non sería correcto xa que a letra d) do artigo 96 fala de "Traslado forzoso, con ou



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2023 17:29	Páxina 1 de 11
41030-220	CSV: A4A93E-4346E7-36B9E9-E6G8BF-NQYGF4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



sen cambio de localidade de residencia, polo período que en cada caso se estableza", sin mencionar, en ningún caso, os seis meses dados na devandita resposta que sería, non incompleta, se non incorrecta, polo tanto. Pola súa parte, o segundo recorrente (230319333) alega que non existe nomeamento que revogar polo que a resposta estaría mal formulada. Procede, por tanto, estimar a alegación e anular a pregunta 3.

## II.- Documento 230309118 (DNI \*\*\*3118\*\*): Pregunta 4. Foi formulada nos seguintes termos:

4.- Cal dos seguintes non é un dereito dos/as empregados/as públicos/as?

- a) Á folga.
- b) Á carreira profesional.
- c) Á formación no traballo.
- d) Á inamovibilidade no seu lugar de residencia.

A persoa recorrente solicita a anulación desta pregunta fundamentada no artigo 117 da Constitución que, entre outros, se refire á inamovibilidade dos xuíces e maxistrados. Para os funcionarios públicos, a inamovibilidade ven regulada no artigo 14 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público que sinala, como un dos dereitos individuais dos empregados públicos "A inamovibilidade na condición de funcionario de carreira". Procede, por tanto, desestimar a alegación.

## III.- Documento 230309002 (DNI \*\*\*4592\*\*): Pregunta 8. Foi formulada nos seguintes termos:

8.- Cal é a resposta correcta: Son ferramentas de albanelería:

- a) Espátula e cincel.
- b) Alicates e chave de parafusos.
- c) Sierra e martelo.
- d) Chave inglesa e alicates.

Alega, a persoa recorrente, que, aínda que o tribunal da como correcta a resposta a), considera que a pregunta non é concisa e que tamén podería ser correcta a resposta c), aducindo que un albanel tamén pode utilizar unha "serra de arco" e que o martelo tamén é de uso común na albanelería. Estima o tribunal que a resposta correcta entre todas as ofrecidas é unicamente a a) xa que, a pesares de que os albaneis nas súas labores poidan utilizar outras ferramentas, específicas de albanelería son a espátula e



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2023 17:29	Páxina 2 de 11
41030-220	CSV: A4A93E-4346E7-36B9E9-E6G8BF-NQYGF4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



o cintel, ademais, tal e como o propio recorrente indica, non se fai indicación de ningunha serra concreta, referíndose a resposta ás serras en xeral como a posibilidade que, confrontada coa resposta sinalada como correcta, queda claro que a c) non o é. Procede, por tanto, desestimar a alegación.

#### **IV.- Documentos 230314186 (DNI \*\*\*6403\*\*) e 230319333 (DNI \*\*\*4786\*\*): Pregunta 9. Foi formulada nos seguintes termos:**

*9.- Poderase colocar un puntal telescópico inclinado cando?*

- a) Se fose necesario, acuñando o husillo de nivelación.*
- b) Nunca se colocará inclinado un puntal telescópico.*
- c) Se fose necesario, acuñando o dormente de taboleiro.*
- d) As respostas a e c non son correctas.*

A primeira persoa recorrente (documento 230314186) alega que nos temarios de axudante de oficios, sen especificar ningún, non se indica a maneira de como colocar un puntal inclinado e indica que, polo tanto, é necesaria a súa anulación ao considerala propia dunha categoría superior. O tribunal estima que a pregunta é adecuada ao nivel do proceso selectivo e que, de todos modos, si que figura en manuais de axudantes de oficios como, por exemplo, o da editorial MAD de 2010 para axudantes de oficios do Concello de Vigo. Pola súa parte, a segunda recorrente (documento 230319333) alega que "na resposta que dan por correcta non se di en que parte da obra nin do puntal telescópico se atopa o durmiente do tablón" engadindo que a norma xeral é "Colocar o puntal o máis vertical posible, con respecto ao apoio (dormente e teito) que reciben as placas asinto, polo que o eixo do puntal esta perpendicular ao teito e ao dormente. Apontoaremos os taboleiros dormentes sobre os que apoia o puntal telescópico. Formando os taboleiros con respecto ao puntal telescópico unha perpendicular ou o mais próximo posible a ela. O puntal telescópico poderá estar inclinado con respecto ao horizonte; pero non con respecto aos apoios que teña nas placas base. Os taboleiros dormentes de apoio dos puntais que deban traballar inclinados con respecto á vertical serán os que se acuñarán. Os puntais apoiaranse de forma perpendicular á cara do taboleiro". Na propia alegación se responde a mesma xa que o dormente do puntal é unha peza de madeira que se coloca na base do puntal e efectivamente debe ir sempre perpendicular a este. Cando é necesario colocar inclinado un puntal, o dormente ten que seguir perpendicular ao mesmo, para iso colocárase unha cuña entre o dormente e o chan, como di a resposta que se dá por correcta nesta pregunta, e nunca se porá a cuña entre o puntal e o dormente, porque senón este non quedará perpendicular ao puntal. Procede, por tanto, desestimar a alegación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2023 17:29	Páxina 3 de 11
41030-220	CSV: A4A93E-4346E7-36B9E9-E6G8BF-NQYGF4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



**V.- Documento 230308914 (DNI \*\*\*1290\*\*): Pregunta 11. Foi formulada nos seguintes termos:**

11.- *Das seguintes, cal non é unha reparación para efectuar por un axudante de oficios?*

- a) *Arranxar a instalación eléctrica.*
- b) *Arranxar desconchados.*
- c) *Tapar pingueiras.*
- d) *Reparar gretas.*

A persoa recorrente solicita que se modifique a resposta correcta considerando que esta ten que ser a c) cando na plantilla figura a a). Basea a súa alegación no Acordo Presidencia do IMD e os delegados de persoal do IMD, que non ten lugar neste proceso selectivo xa que é específico para o IMD e, ademais, a relación de tarefas alí indicadas non demostra contradición coa resposta correcta da pregunta 11. Nesa relación de tarefas, así como no programa específico, que tamén alega, e no libro que aporta, fálese de mantementos e pequenas reparacións, non de arranxar a instalación eléctrica, entendéndose, perfectamente, que se fala do arranxo de toda a instalación, non de mantementos ou pequenas avarías. Procede, por tanto, desestimar a alegación.

**VI.- Documento 230308559 (DNI \*\*\*8548\*\*): Pregunta 14. Foi formulada nos seguintes termos:**

14.- *Cando un tubo fluorescente non acende e prodúcese unha luz vermella nos extremos:*

- a) *Falla o interruptor.*
- b) *Falla a reactancia.*
- c) *Falla o magnetotérmico da instalación.*
- d) *Falla o cebador.*

Alega, a persoa recorrente, que segundo o manual que indica, "os extremos acesos poden producirse cando o cebador ou a reactancia sexan defectuosos", sen embargo, o fallo da reactancia, o que produce, é un ruído e non unha luz de tonalidade vermella. Isto, que é o que se pregunta, soamente ocorre cando falla o cebador. Procede, por tanto, desestimar a alegación.

**VII.- Documentos 230318251 (DNI \*\*\*0601\*\*) e 230323706 (DNI \*\*\*2974\*\*): Pregunta 19. Foi formulada nos seguintes termos:**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2023 17:29	Páxina 4 de 11
41030-220	CSV: A4A93E-4346E7-36B9E9-E6G8BF-NQYGF4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



19.- A cor do illante dos condutores eléctricos, permite diferenciar a utilización dos mesmos. Estes son:

- a) Azul ou gris para o neutro, amarelo con franxa verde para a toma de terra e negro ou marrón para as fases.
- b) Azul para o neutro, verde con franxa amarela para a toma de terra e negro, marrón ou gris para as fases.
- c) Azul para o neutro, verde con franxa amarela para a toma de terra, e negro ou marrón para as fases.
- d) Azul para o neutro, amarelo con franxa verde para a toma de terra, e negro, marrón ou gris para as fases.

As persoas recorrentes alegan, que no "Regulamento Electrotécnico para Baixa tensión actualizado no BOE do 23 de marzo de 2023, a cor do condutor de protección ou toma de terra é VERDE-AMARELO, non amarelo con franxa verde". Tendo en conta as alegacións o tribunal considera que as respostas b) e d) dan lugar a confusión polo que procede admitir as alegacións e anular a pregunta 19.

**VIII.- Documentos 230308914 (DNI \*\*\*1290\*\*), 230308567 (DNI \*\*\*5784\*\*), 230308858 (DNI \*\*\*6403\*\*), 230308559 (DNI \*\*\*8548\*\*), 230309748 (DNI \*\*\*3040\*\*), 230319333 (DNI \*\*\*4786\*\*) e 230319337 (DNI \*\*\*7559\*\*): Pregunta 22. Foi formulada nos seguintes termos:**

22.- Os tipos mais correntes de chaves de paso son:

- a) Chave de paso de comporta.
- b) Chave de paso normalmente.
- c) Chave de paso de encaixar de pescozo longo.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

A primeira persoa recorrente (230308914) alega que debe ser corrixida marcando como correcta a opción a) e non a b) como figura na plantilla. Motiva a súa alegación en que non existe unha "chave de paso normal ou normalmente" (apoiándose en diferentes catálogos, manuais e no exame de Oficial de mantemento da oferta de emprego público 2014-2015-2016). Se ben a pregunta que alega igual no devandito exame non ten que ver coa formulada no exercicio do presente proceso selectivo, o tribunal, en base a esta alegación, á do documento 230308567 que apunta á ambigüidade da afirmación dada por correcta, á do documento 230308858 que alega a inexistencia dunha chave de paso denominada "normalmente", á do documento 230308559 que o cambio de "normal" por "normalmente" cambio o significado da



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2023 17:29	Páxina 5 de 11
41030-220	CSV: A4A93E-4346E7-36B9E9-E6G8BF-NQYGF4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



opción, á do documento 230309748 que alega que a resposta mais correcta sería a a) tendo en conta que a resposta b) como tal non existe, á dos documentos 230319333 e 230319337 que alegan que non existe a chave de paso "normalmente", decatouse dun erro de transcripción na resposta correcta que debería dicir "normal" cando di "normalmente" polo que decidiu anular a pregunta 22.

**IX.- Documento 230309123 (DNI \*\*\*3118\*\*): Pregunta 24. Foi formulada nos seguintes termos:**

*24.- Se ao descargar unha cisterna, xusto a continuación a auga saíse pola cunca, haberemos de substituír:*

- a) O flotador.*
- b) A válvula de alimentación.*
- c) O descargador.*
- d) Todas son correctas.*

A persoa recorrente solicita que se anule a pregunta 24 alegando que "ningunha avaría dunha cisterna de auga pode saír pola taza ao exterior, excepto que este obstruído o desaugue do inodoro", "Se a cisterna ten algunha avaría de perda de auga, esta salería continua polo desaugue, nunca salería pola taza, como indica o enunciado desta pregunta". En primeiro lugar indicar que na pregunta non indica que a auga sae ao exterior e, ademais, con respecto ao desatascado, se ben puidera ser unha opción para solucionar a avaría, non figura entre as que se dan polo que non á lugar a considerala como resposta mais adecuada. Procede, por tanto, desestimar a alegación da recorrente.

**X.- Documento 230308914 (DNI \*\*\*3118\*\*): Pregunta 27. Foi formulada nos seguintes termos:**

*27.- Indica cal das seguintes tarefas non son misión do axudante de xardinería:*

- a) Cavar o terreo.*
- b) Transportar as plantas.*
- c) Regar.*
- d) Afinar as serras.*

A persoa recorrente alega que esta pregunta debería ser anulada por considerar que todas as opcións forman parte das tarefas do axudante de xardinería. Aínda que a conservación en bo estado da serra é tarefa do axudante de oficios, a concreta de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2023 17:29	Páxina 6 de 11
41030-220	CSV: A4A93E-4346E7-36B9E9-E6G8BF-NQYGF4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



"afinar" a serra que leva o triscado dos dentes cunha triscadora non o é. O material aportado polo recorrente fala de "afiar" non de "afinar". Procede, por tanto, desestimar a alegación do recorrente.

**XI.- Documento 230323706 (DNI \*\*\*2974\*\*): Pregunta 4 de reserva. Foi formulada nos seguintes termos:**

1.- O cebador nun circuío de aceso dun fluorescente ten a misión de facer de:

- a) Interruptor térmico.
- b) Fusible.
- c) Elevador de tensión.
- d) Rectificador de corrente.

A persoa recorrente solicita dar por válida a opción c) alegando que "en distintos manuais prácticos sobre electricidade" indícase que o cebador ten por misión producir un pico de tensión. No entanto, un cebador é un interruptor térmico, e aínda que poida proporcionar un pequeno pico de tensión, o elemento dunha lámpada fluorescente que xera a sobretensión que provoca o establecemento do arco entre os eléctrodos a través do gas do tubo, producindo a emisión de radiacións luminosas visibles é a reactancia, posteriormente a mesma limita a intensidade do circuío. Asemade, entre as opcións á pregunta 31 non estaba a opción de producir un pico de tensión, polo que só hai unha resposta correcta á pregunta e é a opción a). Procede, por tanto, desestimar a alegación do recorrente.

**XII.- Documentos 230319333 (DNI \*\*\*4786\*\*) e 230323706 (DNI \*\*\*2974\*\*): Pregunta 4 de reserva. Foi formulada nos seguintes termos:**

4.- Normalmente o céspede ha de ser regado:

- a) Unha vez ao día.
- b) Dúas veces ao día.
- c) Tres veces ao día.
- d) As respostas b) e c) son correctas.

A primeira persoa recorrente (230319333) alega que non hai rego normal do céspede polo que solicita a anulación da pregunta xa que depende do tipo de céspede, do terreo, do clima, da duración e litros/hora do rego. Pola súa parte, o segundo recorrente (230323706) solicita a anulación da pregunta alegando que no "manual de conservación e mantemento de parques e xardíns" recoméndase o rego diario sen



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2023 17:29	Páxina 7 de 11
41030-220	CSV: A4A93E-4346E7-36B9E9-E6G8BF-NQYGF4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



especificar número de veces no verán, dúas veces por semana se non chove e no inverno, cada 20 ou 25 días se non chove o suficiente, indicando, asemade, as posibilidades de variacións destas frecuencias noutros manuais. A pregunta céntrase en cantas veces ten que ser regado o céspede, normalmente, sen incidir en características específicas e dando por descontado que, aínda que a climatoloxía inflúe, a referencia é a cando si ten que ser regado e danse catro opcións posibles, entre as que a máis correcta é a resposta b). Procede, por tanto, desestimar a alegación do recorrente.

**XIV.- A seguinte alegación presentouse fora de prazo pero, tendo en conta a entidade da mesma, o órgano de selección decidiu realizar o correspondente análise da mesma e proceder a súa contestación: Documento 230323449 (DNI \*\*\*6823\*\*):**

Alega o recorrente, en primeiro lugar, que o período de alegacións é de 10 a 15 días e non de 3 días. O tribunal remítese a base décimo sétima das Bases Xerais do proceso selectivo, aprobadas pola Xunta de Goberno Local o 12 de marzo do 2020 (BOPPO nº 128, do 7 de xullo de 2020) que establece que *"Ademais, contra os acordos dos Órganos de Selección, os/as aspirantes poderán interpoñer reclamación no prazo de 3 días hábiles, contados a partir do seguinte a data da súa publicación na páxina web municipal e no Taboleiro de Editos."* En vista do anterior procede a desestimación da primeira alegación.

En segundo lugar, alega o recorrente que o non adaptar o exame a súa discapacidade non se tivo en conta a súa situación como discapacitado intelectual vulnerando así os seus dereitos o ter que competir cun exame xeneralizado para todos/as os/as aspirantes. Procede, o tribunal, a admitir a alegación, ao considerar que non se realizou a proba da forma máis axeitada ás necesidades do recorrente, remitíndose a base décimo sétima das Bases Xerais do proceso selectivo, aprobadas pola Xunta de Goberno Local o 12 de marzo do 2020 (BOPPO nº 128, do 7 de xullo de 2020) que establece que *"A provisión das prazas reservadas para persoas con discapacidade realizarase da forma máis axeitada ás necesidades destas, coa finalidade de garantir o acceso á función pública. Deste xeito, será o órgano de selección o que determine o contido e alcance das probas selectivas a realizar nos termos do establecido nas bases, tralo asesoramento por especialistas na materia, se fose necesario, e de conformidade co temario que se incorpora como anexo ás bases específicas de cada unha das prazas ofertadas, coa necesaria adaptación de tempos e medios esixida pola discapacidade dos/as aspirantes."*

En base ao anterior, realizarase ao aspirante unha nova proba en convocatoria extraordinaria, no lugar, data e hora que se publicará na páxina web municipal.

NOVAS PUNTUACIÓNS:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2023 17:29	Páxina 8 de 11
41030-220	CSV: A4A93E-4346E7-36B9E9-E6G8BF-NQYGF4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		





En virtude das anulacións das preguntas 3, 19 e 22, substituídas polas preguntas de reserva 1, 2 e 3, as puntuacións do primeiro exercicio son as seguintes

ID	Ben	Mal	Non Contestada	Nota
80129	20	1	9	6.50
80252	16	10	4	Non apto/a
81196	22	1	7	7.17
81207	17	9	4	Non apto/a
81563	21	2	7	6.67
81685	18	8	4	Non apto/a
81707	22	6	2	6.33
81996	22	4	4	6.67
82041	24	3	3	7.50
82252	14	13	3	Non apto/a
82529	15	8	7	Non apto/a
82530	19	4	7	5.67
82596	23	4	3	7.00
83074	16	14	0	Non apto/a
83141	23	2	5	7.33
83418	21	2	7	6.67
83563	21	1	8	6.83
83630	14	12	4	Non apto/a
83707	13	11	6	Non apto/a
83985	17	3	10	5.17
84007	25	1	4	8.17
84074	14	8	8	Non apto/a
84141	24	2	4	7.67
84185	20	1	9	6.50
84218	23	2	5	7.33
84263	24	5	1	7.17
84296	23	4	3	7.00
84374	17	7	6	Non apto/a
84407	19	7	4	5.17
84441	17	8	5	Non apto/a
84474	17	3	10	5.17
84518	21	5	4	6.17
84563	11	14	5	Non apto/a
84585	24	4	2	7.33



# CONCELLO DE VIGO



ID	Ben	Mal	Non Contestada	Nota
84596	20	3	7	6.17
84652	15	5	10	Non apto/a
84685	21	5	4	6.17
84707	21	5	4	6.17
84729	17	13	0	Non apto/a
84774	20	8	2	5.33
84818	22	7	1	6.17
84841	10	3	17	Non apto/a
85441	23	6	1	6.67
85529	23	6	1	6.67
85530	20	1	9	6.50
85596	26	3	1	8.17
85730	17	4	9	5.00
85930	18	9	3	Non apto/a
85952	18	8	4	Non apto/a
86007	24	4	2	7.33
86085	16	6	8	Non apto/a
86096	22	2	6	7.00
86141	24	3	3	7.50
86152	26	3	1	8.17
86163	23	7	0	6.50
86230	19	11	0	Non apto/a
86296	14	11	5	Non apto/a
86307	26	4	0	8.00
86363	22	5	3	6.50
86374	22	5	3	6.50
86429	20	4	6	6.00
86441	21	2	7	6.67
87296	18	9	3	Non apto/a
87363	18	4	8	5.33
87429	11	19	0	Non apto/a
87430	19	4	7	5.67
87441	22	1	7	7.17
87496	20	1	9	6.50
87507	22	3	5	6.83
87518	13	3	14	Non apto/a
87585	25	3	2	7.83
87652	21	7	2	5.83





Contra a resolución das reclamacións presentadas e as novas puntuacións resultantes caberá interpoñer recurso de alzada (artigos 121-122 da Lei 39/2015), sen prexuízo de que os/as interesados/as poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente consonte a dereito.

## CONVOCATORIA PARA A REALIZACIÓN DO SEGUNDO EXERCICIO:

Acórdase convocar para a realización do segundo exercicio, de carácter obrigatorio e eliminatorio, aos/ás aspirantes o VENRES 10 DE NOVIEMBRE DE 2023 ás 12:00 horas no QUINTO ANDAR da SEDE da UNED, sita no Auditorio Mar de Vigo, debendo acudir provistos/as do DNI e bolígrafo.

Vigo, na data da sinatura electrónica

A secretaria do órgano de selección  
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 07/11/2023 17:29	Páxina 11 de 11
41030-220	CSV: A4A93E-4346E7-36B9E9-E6G8BF-NQYGF4-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		